

NORMAS DE
ORGANIZACIÓN
E FUNCIONAMIENTO
DO CPR AFUNDACIÓN
A CORUÑA



Índice

1. QUE SON AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO?	2
2. DESENVOLVEMENTO DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	3
2.1. Normas de convivencia	4
2.2. Normas de organización e funcionamento	8
2.3. Criterios de acceso para a Formación en empresa	11
2.4. Organización de espazos e tempos	12
2.5. Procedementos de comunicación	13
3. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO	13
4. FALTAS E SANCIÓN	16

1. QUE SON AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO?

No artigo 18 do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, faise referencia ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF), un conxunto de normas relativas á organización e funcionamento do centro e xorden da participación e do consenso de toda a comunidade escolar (alumnado, profesores, persoal de administración e servizos e pais e nais do alumnado).

As NOF inclúen as normas de convivencia que garanten o cumprimento do Plan de convivencia. Estas normas deben ser públicas, polo que o centro encargárase de facilitar o seu coñecemento a todos os membros da comunidade educativa. Recollen, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo. Establecen os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados ou emancipadas. As normas de convivencia terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. As normas de convivencia de cada centro docente, concretarán os dereitos e deberes do alumnado.

A base das Normas de Organización e Funcionamento do CPR Afundación susténtase no:

Respecto a toda a Comunidade Educativa.

Respecto á liberdade de conciencia de todos os membros da Comunidade Educativa.

Respecto á diversidade.

Respecto ao profesorado, seguindo as súas instrucións e directrices, así como aos demais membros da Comunidade Educativa.

2. DESENVOLVEMENTO DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. Normas de convivencia

As Normas de Convivencia do Centro definen as características das condutas que deben promoverse para acadar os seguintes obxectivos:

O crecemento integral da persoa.

A consecución dos fins educativos do Centro.

Un clima e un bo ambiente educativo e de relación no Centro.

O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

Son normas de obrigado cumprimento do CPR Afundación as seguintes:

A asistencia ás clases

A puntualidade á hora de entrada e saída das clases

O Centro abrirá as súas portas 10 minutos antes do inicio das clases.

Os alumnos deberán cumprir o horario establecido polo Centro, o que esixe asistir con puntualidade ás clases.

Ao alumno non se lle permitirá o acceso á aula, unha vez que o profesor peche a porta para iniciar a clase. Deberá incorporarse na clase seguinte.

Cando un alumno chegue tarde a un exame, será o profesor do módulo correspondente o que decida, despois de que o alumno xustifique o atraso, permitirlle ou non a súa realización.

Non se permite aos alumnos a saída do Centro entre clase e clase.

Nos dous descansos os alumnos poderán permanecer na súa aula ou saír á rúa ou ao patio.

Para poderen permanecer na aula de ordenadores compartidas durante os descansos, os alumnos deberán ter o permiso do profesor correspondente.

As faltas de asistencia ás clases han de ser xustificadas

Deben ser xustificadas ao seu titor ou titora unha vez o/a alumno/a se incorpore ás clases, cun prazo máximo de tres días.

Considéranse faltas xustificadas as seguintes:

Enfermidade do alumno (débase entregar ao titor/a xustificante médico).

Falecemento dun parente ata o 3.º grao ou enfermidade grave dun familiar directo.

Asistencia a exames oficiais, carné de conducir, asistencia a xuízos, notarios...

Causas laborais, se é por un contrato de traballo continuado dun mes de duración ou de 20 días descontinuos (débase entregar ao titor/a copia do contrato de traballo).

Outras causas non citadas anteriormente que serán valoradas polo equipo docente que imparta clase nese curso e polo equipo directivo.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente Regulamento de Réxime Interior do Centro.
(Orde do 12 de xullo de 2011)

Con carácter previo, o Centro fará entrega dun apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. (Resolución do 26 de xullo de 2011). En caso de ausencia, o devandito apercibimento depositarase en Secretaría á disposición do alumnado para os efectos oportunos.

Así mesmo, procederase á baixa de oficio, con previo apercibimento, cando un alumno ou alumna falte inxustificadamente 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. O apercibimento producirase cando o alumno acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. En caso de ausencia, o devandito apercibimento depositarase en Secretaría á disposición do alumnado para os efectos oportunos.

De conformidade co artigo 8 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, as decisións colectivas adoptadas polos alumnos, con respecto á inasistencia a clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando estas sexan resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do Centro.

As ausencias a primeira hora ou por toda a xornada académica, sexa por enfermidade, compromisos médicos, xudiciais, persoais... deberán ser notificadas ao correo electrónico do/a titor/a ou a través da plataforma educativa.

Corrección na relación con todos os membros da Comunidade Educativa

O alumnado seguirá as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostraralle o debido respecto e consideración, tanto ao profesorado como aos compañeiros tendo en conta, de maneira especial, o dereito ao estudo dos mesmos.

Mostrará corrección no trato, tanto na linguaxe utilizada coma nos xestos.

Vestir coa corrección que lle corresponde a un Centro Educativo

Asistir ás clases en condicións básicas de aseo e hixiene.

Vestir de forma adecuada e, en calquera caso, permanecer no centro coa cabeza descuberta, exceptuando aqueles casos que impliquen motivos de saúde e símbolo de identidade.

Respecto ás instalacións e material do Centro

Os alumnos farán un uso correcto, responsable e dilixente de todas as dependencias do Centro.

Limpeza nas instalacións e coidado e uso do mobiliario e material de traballo.

Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material do Centro. Os pupitres e as paredes deberán estar limpos e sen escritos e pintadas.

Non se permite comer nin beber nas aulas do Centro Educativo, só se permitirá o consumo de auga durante as clases.

En concreto, para a utilización dos equipos informáticos establecéronse as seguintes normas:

Só se poderán utilizar os ordenadores para aquelas actividades que indique o profesorado.

Non se poderá instalar ningunha aplicación salvo autorización previa do profesorado.

Non se debe gardar ningún documento nos equipos.

Para a utilización dos dispositivos móbiles establecéronse as seguintes normas:

Non se permite usar teléfonos móbiles nin aparellos electrónicos, agás nos descansos ou naquelas circunstancias expresamente indicadas polo profesorado.

Con carácter xeral, o teléfono móbil permanecerá gardado e silenciado.

Caso de non respectar esta norma, o/a profesor/a retirará o teléfono ao alumno/a e seralle restituído ao remate da xornada lectiva.

Non está permitido facer fotos nin gravacións dentro do centro sen a autorización do/a profesor/a.

Sempre que haxa unha convocatoria de folga para o alumnado, debidamente autorizada, procederase do seguinte xeito:

Os representantes do alumnado avisarán da convocatoria de folga á Xefatura de Estudos, coa suficiente antelación (polo menos 48 horas), e entregaranlle a relación nominal dos/as alumnos/as que secunden a folga nos distintos grupos.

No caso de alumnos menores de idade, deberán presentar previamente no Centro a pertinente autorización asinada polo seu pai, nai ou titor/a legal, que lles será facilitada e recollida polos titores os cales, á súa vez, entregarán á Xefatura de Estudos as devanditas autorizacións.

Os alumnos poderán vir ao centro facer os exames que estivesen programados con anterioridade á xornada de folga. En calquera outro caso, non deberán acudir ao Centro.

Consonte o artigo 4 artigo do Decreto 8/2015, todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

Así pois, a comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

2.2 Normas de organización e funcionamento

Actividades lectivas

As entradas e as saídas da clase indicaranse por medio do timbre do centro.

A duración das clases será de cincuenta minutos.

Procurarase a máxima puntualidade na entrada ás clases, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

Ao respecto dos cambios de clase, faranse coa maior celeridade e sen demoras, evitando en todo momento ruídos e balbordos innecesarios.

As probas ou exames procurarase realizalas coa menor alteración posible de funcionamento do centro.

O centro non se fará responsable da desaparición ou danos ocasionados nas pertenzas do alumnado.

Durante as clases o alumnado deberá manter unha actitude de participación e colaboración para o bo funcionamento das actividades.

O profesorado comunicará á Secretaría do Centro as avarías e os estragos que atope ou se produzan na aula.

Os teléfonos móbiles deberán permanecer silenciados no interior das aulas e biblioteca.

No caso doutros dispositivos electrónicos persoais poderán usarse nestas dependencias coa autorización do profesorado.

O delegado/a do curso ou, no seu defecto, o subdelegado/a, é a persoa representante do grupo. Como tal é quen debe poñerse en contacto co equipo directivo, titor/a ou profesorado, cando teña que tratar un tema de importancia para o grupo.

É competencia do profesorado determinar se as aulas que utilizan teñen os recursos axeitados para a práctica docente xeral (material común de aula) trasladando á Dirección as necesidades detectadas.

No caso de alumnos maiores de idade, cando os seus pais/nais ou titores/titoras requiran información relativa ás súas cualificacións, ausencias ás clases... precisarase a autorización previa do/a alumno/alumna.

Actividades complementarias

As actividades complementarias contarán coa aprobación correspondente da Inspección Educativa. A solicitude de actividades deberase facer co tempo necesario para a organización de espazos, coordinación con outras actividades xa programadas, transporte, etc.

Nas actividades complementarias á formación que se desenvolvan fóra das instalacións do CPR Afundación, o alumnado menor de idade debe ser autorizado polo seu pai/nai ou titor/a legal.

Nas actividades con desprazamento en autocar ou tren, o alumnado utilizará o seu vehículo no caso de excepción xustificada e co debido permiso do profesorado responsable, e responsabilizándose o alumno ou alumna do desprazamento, para cuxo efecto asinará unha comunicación ao centro.

Cando unha parte dun grupo realice unha actividade complementaria ou extraescolar, os alumnos que non participen teñen a obriga de xustificar a súa ausencia.

Ausencias do profesorado

Todo o profesorado, incluíndo o equipo directivo, cumprirá con puntualidade o horario asignado a principio de curso.

Cando un profesor/a ou membro do equipo directivo teña prevista unha falta de asistencia ao centro, informará anticipadamente e polo medio máis fiable e rápido á dirección ou xefatura de estudos, quen reorganizará o horario dos alumnos afectados.

En todo caso, a comunicación de inasistencia deberá producirse nun prazo non inferior a 24 horas, agás causas de forza maior.

Durante o tempo da reunión semanal do equipo directivo, segundo o horario establecido, atenderanse as cuestións que precisen solución nese momento.

O profesorado solicitará permiso ao director para calquera falta de asistencia prevista. Así mesmo, avisará coa debida antelación á xefatura de estudos.

O profesorado avisará á dirección ou á xefatura de estudos se, por algunha causa, debe ausentarse do centro no seu horario.

O profesorado avisará á dirección ou á xefatura de estudos da súa reincorporación ao centro tras un período de ausencia.

2.3. Criterios de acceso para a Formación en empresa

A formación na empresa ou organismo equiparado en primeiro curso representará como máximo 200 horas. O alumnado poderá ser incorporado a este período formativo nos seguintes casos:

- Que conte co certificado de riscos laborais.
- Que existan prazas dispoñibles na empresa cun perfil adecuado ao currículo do ciclo formativo.
- Que teña adquiridas as competencias profesionais necesarias para abordar con garantías as actividades formativas na empresa. Será o equipo docente o que tome a decisión do alumnado que poida ser incorporado de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas por este centro.

O alumnado non incorporado ao período formativo na empresa continuará a súa formación no centro conforme o establecido para o seu currículo.

A formación na empresa ou organismo equiparado en segundo curso será de 500 horas.

O alumnado poderá ser incorporado a este período formativo nos seguintes casos:

- Que conte con certificado de prevención de riscos laborais.

- Que teña na segunda avaliación parcial cualificación positiva nos módulos, que supoñan como mínimo o 50% do horario semanal.
- Excepcionalmente se poderá incorporar o alumnado que, non cumprindo este último requisito, sexa autorizado polo equipo docente e sempre e cando se compran, cando menos, os seguintes requisitos:
 - o Que non fose sancionado ou apercibido conforme o establecido nas normas disciplinarias do centro.
 - o Que non perdesse o dereito a avaliación continua en ningún dos módulos do curso.
 - o Que achegue contacto de posibles empresas nas que realizará a súa formación.
 - o Que resulte avalado polo profesorado de 1º e 2º curso do ciclo.

O alumnado non incorporado ao período formativo na empresa continuará a súa formación no centro conforme o establecido para o seu currículo.

2.4. Organización de espazos e tempos

Espazos

O centro está composto dunha planta baixa e 4 plantas comunicadas por escaleiras e ascensor.

Na planta baixa atópanse dúas salas de profesores, a zona destinada a secretaría e administración do centro, unha habitación destinada a almacén e arquivo, 3 despachos (Dirección, visitas xefatura de estudos) e 2 WC de uso exclusivo do persoal do centro.

A primeira planta componse de 3 aulas e outra polivalente, mais 2 WC diferenciados por sexos e de uso exclusivo dos alumnos/as da planta.

Na planta segunda áchanse 2 aulas e a biblioteca do centro, máis 2 WC diferenciados por sexos e de uso exclusivo dos alumnos/as da planta e un WC para persoas con diversidade funcional.

A planta terceira está composta por 2 aulas, 1 aula de informática, máis 2 WC diferenciados por sexos e de uso exclusivo dos alumnos/as da planta e un WC para persoas con diversidade funcional.

Por último, na cuarta e última planta o centro conta con, 1 aula, 1 aula de informática, 1 aula de usos polivalentes.

Tempos

Horario

De setembro a xuño, o centro está aberto, de martes a xoves, desde as 8.30 ata as 15.00 horas. Os luns e venres, desde as 8.30 ata 14.00.

As tardes dos luns o centro permanece aberto desde as 16.00 ata as 18.30.

As actividades lectivas desenvólvense no devandito horario.

No mes de xullo o horario do centro, de luns a venres, é de 8.30 a 14.00 horas. Dentro deste horario aténdese ao público de 9.00 a 13.30h.

En agosto o centro permanece pechado.

A Biblioteca estará aberta durante toda a xornada lectiva.

2.5 Procedementos de comunicación

No caso de alumnos menores de idade, as faltas de asistencia poderán comunicárselle ao pai, nai ou titor/a legal. As xustificacións destas ausencias haberán de presentarse aos titores do grupo ao que pertencen asinadas polos pais, nais ou titores/as legais.

3. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Dereitos e deberes do alumnado

No artigo 7 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, (BOE 30 de xullo de 2011) recoñécense ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibiren unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección contra toda agresión física ou moral, e en particular, contra a situación de acoso escolar.
- d) A participaren directamente no proceso educativo cando for consultado pola Administración Educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.
- e) A participaren na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participaren na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Así mesmo, son dereitos do alumnado:

- a) Unha formación integral que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade no respecto dos Dereitos e Liberdades fundamentais.
- b) Unha formación nos valores e principios recollidos na normativa internacional, Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia

- c) A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
- d) A recibir orientación educativa e profesional.
- e) A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa Constitución.
- f) A participaren no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.
- g) Unha formación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- h) A capacitación para o exercicio de actividades intelectuais e profesionais.
- i) A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural da nosa Comunidade.
- l) Unha preparación para participar activamente na vida social
- m) A formación para a paz, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- n) Desenvolvemento harmónico da afectividade, da autonomía persoal da capacidade de relación cos demais.
- ñ) A educación que asegure a protección da saúde e o desenvolvemento das capacidades físicas.
- o) A participación na mellora na calidade da ensinanza.
- p) Á obxectividade na súa avaliación.
- q) Á asociación, nos termos previstos pola normativa en vigor.
- r) Á reunión, dereito que se exercitará de acordo coa lexislación vixente e tendo en conta que non entorpeza o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Deberes básicos dos alumnos

- a) Participaren e colaboraren na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respectaren a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respectaren a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respectaren as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservaren e faceren un bo uso das instalacións e materiais do centro.
- f) Interviren, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguiren as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistiren á clase con puntualidade e co material preciso.
- i) Estudo e o esforzo para conseguir o máximo desenvolvemento, segundo as súas capacidades.
- l) Respecto á diversidade.
- m) Respecto ao Proxecto Educativo do Centro.

4. FALTAS E SANCIONES

Faltas e sancións

As condutas contrarias á convivencia no noso centro docente clasifícanse en condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Son condutas leves contrarias á convivencia:

As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa que non alcancen a gravidade requirida como para cualificala como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Os actos de discriminación que non alcancen a gravidade requirida como para cualificala como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Os actos de indisciplina que non alcancen a gravidade requirida como para cualificala como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción que non alcancen a gravidade requirida como para cualificala como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Os actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar que non alcancen a gravidade requirida como para cualificala como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación aquelas que non alcancen a gravidade requirida como para cualificala como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

A inasistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.

A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Faltar ao respecto a profesores, compañeiros ou resto de comunidade educativa.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar.

A suplantación de personalidade en actos da vida docente.

A falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a aquelas.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.

Reputarse indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos aos que se refire este documento cando se lle require a isto polo profesorado.

A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

O incumprimento das sancións impostas.

As **sancións** relativas a tales condutas contéplanse no **Plan de Convivencia do Centro**.